



A Sociedade da Información e os autónomos/as de Galicia

Edición 2020



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

 Xacobeo 21·22



Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2022




Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons 3.0 Spain Attribution/No Comercial. Compartir baixo a mesma licencia dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sana/3.0/deed.gl>



Índice de Contidos

- 
1. **Introdución** **Páx. 4**
 2. **Metodoloxía** **Páx. 6**
 3. **Caracterización dos/as autónomos/as galegos/as** **Páx. 8**
 4. **Equipamento e uso das TIC na actividade dos/as autónomos/as** **Páx. 12**
 5. **Conclusións** **Páx. 30**



1. Introducción

1. Introducción

Estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Este estudo analiza comparativamente o uso e avance das tecnoloxías por parte dos autónomos/as galegos/as respecto do resto de formas societarias e do conxunto das microempresas. Os obxectivos do informe son os seguintes:



AVALIAR

Avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as galegos/as



CARACTERIZAR

Caracterización dos autónomos/as galegos: actividade, provincia onde desenvolven a súa actividade, sexo do traballador/a...



ANALIZAR

Analizar polo miúdo información cuantitativa dos autónomos/as galegos relacionada coas seguintes cuestións:

- Contratación a Internet
- Optimización da xestión empresarial a través das TIC
- Cloud Computing
- Web e presenza nas redes sociais
- Comercio electrónico
- Interacción coas AA.PP. a través de Internet
- Big Data e formación TIC
- IoT, Impresión 3D e Robótica





2. Metodología

2. Metodoloxía



Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

A fonte de información empregada para realizar a caracterización dos autónomos/as galegos/as é o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

A información relativa ao equipamento e uso das tecnoloxías no tecido empresarial galego procede da Enquisa sobre uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE) facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega e o IGE.



Datos complementarios aos publicados polo INE

O convenio de colaboración tamén permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, ofrecendo informacións complementarias, especialmente no que se refire a:

- Datos relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos de empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega






3. Caracterización dos/as autónomos/as galegos/as


3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social en Galicia, para o 2020, indica que hai rexistrados 133.640 persoas como traballadores/as autónomos/as en Galicia, é dicir, que non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias: tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores.



No 2020 rexistráronse en Galicia 133.640 autónomos/as que representan o 6,7% do total de autónomos/as de España.

A cifra de traballadores/as autónomos/as en Galicia prosegue co ritmo de leve descenso rexistrado nos últimos anos.




Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2020

3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS


A distribución por xénero dos/as traballadores/as autónomos/as é sensiblemente diferente en Galicia e a nivel estatal, cunha presenza moito maior da muller galega neste colectivo, comparativamente á distribución estatal. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 16,2 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é case o dobre (28,8 puntos).

Respecto á idade dos autónomos/as, tanto en Galicia como no total de España os máis emprendedores son as persoas de 40 a 54 anos (46,1%).

AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO SEXO COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO IDADE COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2020


Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2020

3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS

No 2020, o sector servizos volve a ocupar o primeiro posto no referente a número de traballadores/as autónomos/as, tanto en Galicia como en España.

Na Comunidade galega o peso da agricultura ponse de manifesto cun 20,2% de traballadores/as autónomos/as, 9 puntos máis que no conxunto do Estado.

AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2020





4. Equipamento e uso das TIC na actividade dos autónomos/as


4.1. EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E EMPREGO DAS TIC PARA A XESTIÓN EMPRESARIAL

Máis do 75% dos/as autónomos/as galegos dispoñen de ordenador. Durante o ano 2020 incrementouse a súa dispoñibilidade cun crecemento do 6,8% respecto ao ano anterior. No período 2016-2020, o incremento rexistrado foi dun 29,8%.



ENTIDADES QUE DISPOÑEN DE ORDENADOR SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Evolución GALICIA 2016-2020



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.1. EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E EMPREGO DAS TIC PARA A XESTIÓN EMPRESARIAL

AUTÓNOMOS/AS QUE UTILIZAN DISPOSITIVOS PARA FINS EMPRESARIAIS
Evolución GALICIA 2016-2020



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

O uso dos dispositivos para fins empresariais entre os/as autónomos/as galegos/as creceu considerablemente no 2020.

O uso de ordenadores en xeral creceu un 10,5%, ata acadar o 69,2%.

O uso do de ordenadores conectados a Internet con fins empresariais acada o 65,4% (un 12,8% máis que no 2019).



4.1. EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E EMPREGO DAS TIC PARA A XESTIÓN EMPRESARIAL


Respecto dos servizos de Cloud Computing, o 7,4% comprou este tipo de servizos no ano 2020, aumentando nun 57,4% respecto á edición anterior.



COMPRARON SERVICIOS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2016-2020

Base: Empresas con conexión Internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.1. EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E EMPREGO DAS TIC PARA A XESTIÓN EMPRESARIAL

COMPRA DAS SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA

Base: Empresas que usan Cloud Computing




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

Entre os usuarios/as de Cloud Computing, as solucións máis destacadas entre os/as autónomos/as son: os servizos de Cloud Computing entregados dende servidores compartidos (93,8%), os servizos de bases de datos da empresa (77,5%) e os servizos de almacenamento de ficheiros (70,3%).

4.2. INTERNET E BANDA LARGA

CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA

Evolución GALICIA 2016-2020




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

A contratación da Internet acada o 71,6% entre os autónomos/as galegos no ano 2020, o que supón un crecemento do 9,1% respecto a 2019. Dende o ano 2016, o crecemento da contratación de Internet entre os/as autónomos/as aumentou nun 47,6% en Galicia.

4.2. INTERNET E BANDA LARGA

TIPO DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONEXIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


O 59,9% de autónomos/as con conexión a Internet ten contratada banda larga fixa.

O 56,4% conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 100 Mbps.



VELOCIDADE DE CONEXIÓN SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet e banda larga fixa




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓX JURÍDICA

Evolución GALICIA 2016-2020

Base: Empresas con conexión a Internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

No ano 2020 a dispoñibilidade de páxina web mantense estable entre os/as autónomos/as de Galicia (19,8%).

Este recurso crece entre as microempresas galegas nas que o 29,4% posúen páxina web, un 10,1% máis que no ano anterior.



4.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS


A presentación da empresa (64,2%) e a declaración de política de intimidade ou as certificacións relacionadas coa seguridade do sitio web (41,3%), continúan sendo os dous servizos con maior presenza nas web das persoas autónomas galegos.

Por outra banda, cabe salientar que o servizo de "Realización de pedidos ou reservas online" entre os autónomos/as galegos/as incrementouse nun 16,9% dende o ano 2019, acadando na actualidade un 18,7%.



SERVIZOS DISPOÑIBLES NA PÁXINA WEB SEGUNDO CONEXIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet e Páxina Web



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


4.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

O 32,7% dos/as autónomos/as galegos/as con conexión a Internet emprega as redes sociais. O uso das redes sociais incrementouse nun 40,3% dende o 2016. Entre este colectivo, a práctica totalidade (99,7%) opta por redes sociais tales como Facebook, LinkedIn, ...

REDES SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2016-2020

Base: Empresas con conexión a Internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, etc.) SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2016-2020

Base: Empresas con conexión a Internet que empregan redes sociais




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



4.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

EMPREGO DOUTRAS REDES SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas con conexión a Internet que empregan redes sociais



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

Outras redes sociais, como os websites onde se comparten contidos multimedia, son empregadas polo 39% dos/as autónomos/as galegos/as.

O uso do Blogs de empresas ou microblogs está menos estendido neste colectivo.



4.4. COMERCIO ELECTRÓNICO


No 2020, as vendas a través de Internet continúan medrando. O 6,1% dos autónomos/as galegos/as venderon a través da Rede, o que representa un incremento do 52,5% con respecto ao ano 2019.



VENDAS POR COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

Evolución GALICIA 2016-2020

Base: Empresas con conexión a Internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.5. ANÁLISE DE BIG DATA

ANÁLISE DE BIG DATA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total de empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




No 2020, o 2,5% dos/as autónomos/as analizaron BIG DATA, 0,8 puntos porcentuais máis que as Sociedades.

Entre as tipoloxías de BIG DATA, as microempresas e os/as autónomos destacan no uso de datos por xeolocalización a partir de dispositivos portátiles, seguido dos datos xerados polas redes sociais.

Fonte de datos de Big Data

Base: empresas que realizaron análises de Big Data



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.6. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS A TRAVÉS DE INTERNET


Un 68,5% dos/das autónomos/as con conexión a Internet empregou a Rede para relacionarse coas Administracións Públicas. Dende o 2016 o crecemento foi do 14,3%.



INTERACCIÓN COAS AA.PP. SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2016-2020

Base: Empresas con conexión a Internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.7. ESPECIALISTAS E PERFÍS TICS

O 2,4% dos/as autónomos/as de Galicia empregan especialistas TIC, 0,5 puntos porcentuais por riba das Sociedades, feito que se reflicte no tipo de persoal que realiza funcións TIC, onde o 26,4% dos /as autónomos/as realizan funcións TIC mentres nas Sociedades decántanse máis polos provedores externos.

EMPREGAN ESPECIALISTAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: %sobre o total de empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


CONTRATARON OU INTENTARON CONTRATAR ESPECIALISTAS EN TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: %sobre o total de empresas



FUNCIÓNS TIC: DESAGREGACIÓN POR TIPO DE PERSOAL QUE REALIZA FUNCIÓNS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: %sobre o total de empresas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



4.8. O INTERNET DAS COUSAS

EMPRESAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS INTERCONECTADOS QUE PODEN SER MONITORIZADOS OU CONTROLADOS A TRAVÉS DE INTERNET (IoT) SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: %sobre o total de empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


O 4,8% dos/as autónomos/as galegos/as empregan dispositivos interconectados que poden ser monitorizados ou controlados remotamente a través de Internet (o Internet das cousas), dato lixeiramente superior ao do total das microempresas galegas.

Entre os dispositivos IoT máis empregados destacan os medidores intelixentes, termóstatos intelixentes, e dispositivos para aforro de enerxía (15%). Os sensores de movemento son utilizados polo 12,5% de autónomos que usaron Internet das Cousas.




DISPOSITIVOS IoT UTILIZADOS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizan algún dispositivos IoT



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


4.9. IMPRESIÓN 3D



En Galicia, o 1,6% das microempresas emprega a tecnoloxía da impresión 3D. Entre os/as autónomos/as, esta tecnoloxía é empregada polo 1,9%. Utilízase principalmente para imprimir produtos de venda (80,5%), para produtos de uso interno (78,4%) ou para prototipos e modelos (75,6%).

EMPRESAS CON IMPRESIÓN 3D SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA


Base: % sobre o total de empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


USOS DA IMPRESIÓN 3D

Base: Empresas que utilizaron impresión 3D



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.10. ROBÓTICA




O uso de robots por parte dos autónomos galegos é aínda moi puntual (1,2%) .

Entre os autónomos/as que empregan a robótica, destaca o uso de robots industriais (85,9%).

EMPRESAS QUE UTILIZADON ALGÚN TIPO DE ROBOT SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: %sobre o total de empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

TIPO DE ROBOTS UTILIZADOS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizaron algún tipo de robot



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



5. CONCLUSIONES

5. CONCLUSIONES

CARACTERÍSTICAS DO/AS AUTÓNOMO/A GALEGO



No ano 2020 había en Galicia 133.640 autónomos/as, que representan o 6,7% do total dos/as autónomos/as de España.

A distribución por xénero é sensiblemente diferente en Galicia e a nivel estatal, cunha presenza maior da muller no colectivo galego, comparativamente á distribución estatal. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 16,2 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é case o dobre (28,8 puntos).



Durante o ano 2020 incrementouse o uso de ordenadores entre traballadores autónomos/as nun 6,8% respecto ao ano anterior. No período 2016-2020 o incremento rexistrado foi dun 29,8%.

FORTALEZAS

A contratación da Internet acada o 71,6% entre os autónomos/as galegos no ano 2020, o que supón un crecemento do 9,1% respecto a 2019. Dende o ano 2016, o crecemento da contratación de Internet entre os/as autónomos/as aumentou nun 47,6% en Galicia.

Cabe salientar que o 56,4% dos autónomos/as con conexión á Rede conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 100 Mbps.

O 68,5% dos/as autónomos/as con conexión a Internet utilizou a Rede para relacionarse coas Administracións Públicas, cun crecemento do 14,3% dende 2016.

Respecto dos servizos de Cloud Computing, o 7,4% comprou este tipo de servizos no ano 2020, aumentando nun 57,4% respecto á edición anterior.



Se ben, no 2020, as vendas a través de Internet continúan medrando entre os autónomos/as, experimentando un incremento do 52,5% con respecto ao ano 2019, aínda tan só un 6,1% empregou o comercio electrónico.

DEBILIDADES

O uso de robots e da Impresión 3D por parte é puntual (1,2% no uso do Robots e 1,9% no uso da impresión 3D).

Só o 4,8% dos autónomos/as galegos utilizaron dispositivos interconectados que poden ser monitorizados ou controlados remotamente a través de Internet (o Internet das cousas).



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e da Modernización
DE GALICIA



Xacobeo 21-22